

CUESTIONARIO TEXTO BENJAMIN CONSTANT

DA LIBERDADE DOS ANTIGOS COMPARADA COA DOS MODERNOS

1. Explica cales son as características que definen a liberdade dos antigos?, que aspectos positivos destaca o autor?, cales serían os elementos que Constant critica?, con cal dos dous sentidos da liberdade, liberal ou republicana, se correspondería a liberdade dos antigos?
2. Explica cales son as características que definen a liberdade dos modernos?, que aspectos positivos destaca o autor?, cales serían os elementos que Constant critica?, con cal dos dous sentidos da liberdade, liberal ou republicana, se correspondería a liberdade dos modernos?
3. Se ben o autor valora ámbolos dous tipos de liberdade, por cal deles se inclina preferentemente?, o pensador francés, defende un punto de vista liberal ou republicano?, por que?
4. Que dereitos ou liberdades individuais son mencionados no texto?, que nome reciben estes dereitos ou liberdades?, en que consisten?, son dereitos individuais ou colectivos?
5. Cal sería o réxime político que se correspondería coa liberdade dos antigos?, e cal se adecuaría á liberdade dos modernos?, cales serían as principais diferenzas que distinguen o modelo político dos modernos do dos antigos?
6. Que visión ten o autor da lei, o goberno e o poder político?, trátase dunha concepción preferentemente liberal ou republicana? Xustifica as túas respostas.
7. Que papel asigna Benjamin Constant á política?, que importancia teñen para el as liberdades e os dereitos políticos?